



Asociación ONGD Mi Perú

Memoria de actividades
2018

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

2

Índice

- Introducción
- Presentación
- Actos e torneos
- Campañas
- Proxectos en Perú, India e Burkina Faso

Introducción

A ONG Mi Perú é unha organización comprometida co desenvolvemento económico, social e cultural das familias sen recursos pertencentes a países en vías de desenvolvemento.

O seu obxectivo principal é facilitar e fomentar a escolarización de nenos e nenas. Para conseguilo ten en marcha un programa de bolsas de estudos, que evita que os nenos abandonen a escola por falta de recursos económicos para comezar a traballar. Outras formas de apoio á educación son as clases de reforzo e os programas culturais que realiza.

Dentro dos seus programas de desenvolvemento financian proxectos que abarcan todos os ámbitos sociais para contribuír a erradicar a pobreza e xerar un cambio que achegue solucións a longo prazo.

En España, realiza campañas de sensibilización e de captación de fondos para garantir a súa autonomía e continuidade.

Presentación

A **ONGD Mi Perú** foi creada no ano 2003 en Santiago de Compostela Comezou o seu labor solidario no poboado de Mi Perú situado a 30 Km ao norte de Lima, en Perú e meses despois, ampliou o seu radio de acción a Pachacutec, un pobo veciño. No ano 2007 púxose en marcha tamén en Koneripatti, unha pequena aldea situada ao sueste de India. E dende 2014 en fada N´Gourma, Burkina Faso.

Está inscrita no **Registro Nacional de Asociaciones del Ministerio del Interior** (2003/006/096/1 SC) e no **Rexistro Galego de Organizacións non Gubernamentais de Axuda ó Desenvolvemento** (PR802A2003/4-O cód. ONGD: 105) desde o 2003. Tamén está inscrita na **AECID (Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo)** dende o 2011 e é membro da **Coordinadora Galega de ONGD para ou Desenvolvemento** desde o 2006.

No ano 2009, o presidente e fundador de ONG Mi Perú, José Carlos de Miguel Bouzas, recibiu o **Premio Humanitas** outorgado polo Consello Social e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos dá USC polo seu labor á fronte da ONG.

Os principais fins da asociación, como se recolle no artigo 2 dos Estatutos, son:

1. Impulsar o desenvolvemento económico, social e cultural de familias pertencentes a países en vías de desenvolvemento.
2. Fomentar e facilitar a escolarización de nenos e nenas.
3. Crear relacións culturais entre Galicia e os países nos que se desenvolva o traballo da ONGD.

Na actualidade está integrada por **175** asociados, a maioría pertencen a Comunidade Autónoma de Galicia

Actos e Torneos

Como xa é habitual na Asociación, ao longo do ano convócanse concursos, torneos de fútbol e demais eventos coa finalidade de darse a coñecer e recadar fondos para os fins propios da organización, pero lamentablemente este ano non se puido celebrar o XI Torneo Solidario de Fútbol Sala Mixto "ONG Mi PERÚ" por motivos persoais do organizador de tódolos anos (o socio José Manuel Castro). Agardamos que para o vindeiro ano se poida celebrar.

1. Concertos Solidarios

A Asociación realizou un concerto de música a cargo do cantautor compostelán Carlos de Miguel, presidente da ONG Mi Perú, No Café Bendaña de Santiago de Compostela no mes de xullo. A finalidade foi a de sensibilizar aos asistentes e recadar donativos.

Campañas

Charla-coloquio coa responsable da ONG Mi Perú en Perú

No mes de outubro convidouse á Marcela Quezada a impartir unha charla sobre a creación da ONG no ano 2003 e as principais accións que desenvolve a ONG no país andino na actualidade. O obxectivo era sensibilizar aos asistentes, dar a coñecer a nosa labor e recadar donativos.

Campaña de Nadal

Co fin de recadar fondos para a asociación organizáronse varias actividades no Nadal. Vendéronse participacións de Lotería Nacional de Nadal entre os socios e

os amigos da asociación. Ao mesmo tempo fíxose unha recollida de donativos e tratouse de sensibilizar aos asistentes e facer novos asociados.

Proxectos en Perú, India e Burkina Faso

Perú (21.525,83 euros)

1. Continuou o Programa de Bolsas de Estudos
2. Continuou o apoio ao Centro Nanette.
3. Continuaron os talleres formativos e clases de nivelación impartidas polo mozo maior da ONG aos máis cativos da mesma durante os domingos.

India (27.337 euros)

1. Continuouse a traballar en Koneripatti (Centro de maiores, gardería e clases de reforzo) e tamén en Salem e Adaikalapuram (ao sur da India) co Programa de Bolsas de Estudos, para cubrir principalmente gastos de matrículas, comida e aloxamento nos internados.
2. Continuouse o mantemento de Ambu Illam en Nattamangalam para o traballo cos nenos discapacitados.
3. En colaboración con *Bikes for education* compráronse 20 bicicletas para que os nenos e nenas que viven máis lonxe do colexio poidan desplazarse sen problemas para asistir a clase

Burkina Faso (3.527 euros)

1. Continuou o programa de Bolsas de Estudos.
2. No mes de xullo entrevistámonos persoalmente con Lourdes Mallo (contraparte da ONG Mi Perú en Burkina Faso), onde se nos falou da perigosa situación actual que vive este país que pon en perigo a labor da

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

7

ONG neste país, e tamén se marcaron as directrices de colaboración da ONG Mi Perú en Burkina Faso.